



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

**Os Obxectivos de
Desenvolvemento
Do Milenio**

Análise do primeiro
obxectivo: fame e
pobreza.

Paula Briones Mouta

Xuño 2015

Resumo

O establecemento dos obxectivos do Milenio significou un relevante impulso na loita contra a pobreza no mundo subdesenvolvido e para favorecer o desenvolvemento. Malia as intencións e progresos, a pobreza segue persistindo en todas as súas dimensión. Por iso, tendo en conta que estamos no ano fixado para o seu cumprimento, este traballo estuda o primeiro obxectivo, dada a súa importancia para a consecución dos outros; e para poder valorar os avances nas metas do Milenio. Os resultados apuntan que, a pesar de terse logrado a primeira meta, predominan os incumprimentos, especialmente a nivel rexional e para o caso de África Subsahariana. Así, a pobreza, a fame e o traballo vulnerable seguen persistindo, afectando anualmente a millóns de persoas do mundo subdesenvolvido e incidindo principalmente sobre colectivos vulnerables como son a infancia e a muller.

Número de palabras: 9.991

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de abreviaturas	5
Índice de táboas, gráficos ou figuras	6
Introdución	7
Planificación	8
Desenvolvemento do traballo	10
1 Os ODM: Antecedentes e orixe	10
2 Análise do ODM1: Erradicar a pobreza extrema e a fame	12
2.1 A pobreza	13
2.2 O emprego.....	18
2.3 A fame	23
2.3.1 Preocupación pola fame mundial:Situación de partida	23
2.3.2 Subalimentación	24
2.3.3 Desnutrición.....	31
2.3.4 ¿Por que uns niveis tan elevados de fame?.....	32
3 Financiamento e cooperación	33
3.1 Orixe	33
3.2 Evolución	36
4 Críticas aos ODM	38
5 Futuro dos ODM	41

Conclusións e ampliación.....	44
Bibliografía.....	46

Índice de abreviaturas

AOD: Axuda Oficial ao Desenvolvemento

BM: Banco Mundial

CAD: Comité de Axuda ao Desenvolvemento

CMA: Cume Mundial da Alimentación

FAO: Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura

ODM: Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio

ODM1: Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio 1

ODM8: Obxectivo do Desenvolvemento do Milenio 8

OMS: Organización Mundial da Saúde

PNUD: Programa de Desenvolvemento das Nacións Unidas

UN: Nacións Unidas

Índice de táboas, gráficos ou figuras

Gráfico 1: Evolución da pobreza extrema (1981-2011)	14
Gráfico 2: Taxa de emprego vulnerable por rexión 1991-2013	19
Gráfico 3: Taxa de emprego vulnerable por sexos 2013	20
Gráfico 4: Traballadores en situación de pobreza extrema	20
Gráfico 5: Traballadores por clase económica no mundo subdesenvolvido	21
Gráfico 6: Traballadores por clase económica e rexión, 1991	22
Gráfico 7: Traballadores por clase económica e rexión, 2013.....	22
Gráfico 8: Evolución da subnutrición.....	25
Figura 1: Metas internacionais do desenvolvemento da CAD	11
Figura 2: Os oito ODM	12
Figura 3: Os 10 países con maior proporción de pobreza mundial, 2011	16
Figura 4: Nivel de cumprimento da meta en relación a fame	27
Figura 5: Mapa de países en situación de alerta alimentaria	31
Figura 6: Táboa de progresos do ODM1	42
Táboa 1: Metas do ODM1	12
Táboa 2: Pobreza extrema, países África Subsahariana	18
Táboa 3: Conceptos referentes á fame.....	24
Táboa 4: Obxectivos acordados no Consenso de Monterrei.....	35

Introdución

Tras décadas de reunións e conferencias sobre o desenvolvemento mundial, logrouse un consenso na Declaración do Milenio en 2000. Dita Declaración establece oito obxectivos cara 2015, coa intención de cooperar para o desenvolvemento na loita contra a pobreza mundial que afecta ao mundo subdesenvolvido. Entre progresos, estancamentos, retrocesos e críticas chegamos ao ano establecido para o seu cumprimento. Actualmente, a realidade mostra un contexto cambiante onde o crecemento económico e a tecnoloxía están presentes. Nun mundo que crece e progresa a pasos axigantados, a desigualdade, a pobreza e a fame seguen presentes en niveis importantes e mesmo cunha tendencia ao crecemento, cuestionando os progresos do mundo actual.

Este traballo pretende achegarse aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). En particular, céntrase na análise do primeiro deles: “Erradicar a pobreza extrema e a fame”, pois trátase dun obxectivo esencial para lograr o desenvolvemento mundial, e tamén para contribuír a acadar os demais ODM.

Este traballo consta de catro apartados, ademais da introdución e conclusións. O primeiro apartado contextualiza os ODM, presentando a súa orixe e definición. O segundo apartado analiza o ODM1, no que se centra este traballo, destacando especialmente a situación actual, tendencias e evolución da fame, tanto a nivel global como rexional. Para iso, utilízanse os datos estatísticos máis actualizados ofrecidos polos organismos oficiais (fundamentalmente, BM). Esta análise permitirá valorar o grao de cumprimento das metas correspondentes ao ODM1 e os avances. O terceiro apartado analiza a orixe e evolución do financiamento como elemento fundamental para acadar os ODM; así como as principais críticas á súa limitada efectividade para conseguir avances no desenvolvemento. Finalmente, abórdanse as críticas aos ODM e as propostas da Axenda de Desenvolvemento Post 2015.

Planificación

A continuación, móstrase a planificación seguida na realización deste traballo.

Novembro						
L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Decembro						
L	M	M	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Xaneiro						
L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Febreiro						
L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

Marzo						
L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Abril						
L	M	M	J	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Maio							Xuño						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
25	26	27	28	29	30	31	29	30					

	Elección do tema e a súa asignación
	Reunións coa titora
	Revisión bibliográfica
	Busca de datos e elaboración de gráficos
	Redacción e composición do traballo
	Fecha entrega do TFG á titora
	Fecha depósito do TFG
	Revisión e corrección

Desenvolvemento do traballo

1 Os ODM: Antecedentes e orixe

Dende os anos 60 existe un proceso de busca duns obxectivos que velen polo desenvolvemento, a través de varios acordos e reunións, encabezadas por Nacións Unidas. Un dos primeiros antecedentes clave para o futuro establecemento dos ODM ten lugar na XXV Asamblea das Nacións Unidas en 1975. Nela marcábase unha meta de gran transcendencia, como que os países ricos destinasen un 0,7% do seu PIB ao desenvolvemento dos países máis pobres. Posteriormente, durante a década dos 90 teñen lugar diversos Cumios, nos cales se aborda a loita contra a exclusión que sufrían os menos desenvolvidos. En 1995, celébrase o Cumio Mundial para o Desenvolvemento Social, realizado baixo o compromiso de lograr erradicar a pobreza mundial¹.

O seguinte impulso e o máis transcendental no camiño cara aos ODM e a preocupación pola cooperación e financiamento tivo lugar en 1996, cando o CAD aprobou un informe² referente á cooperación para o desenvolvemento composto por unha serie de metas internacionais (Figura 1) máis unha orientación cara á xestión dunha boa axuda. Este informe finalmente conseguiu abrir o camiño cara a formulación dos obxectivos actuais³. Foi de tal inspiración para a redacción dos ODM que, en certa

¹ Aramburu, M. (2012): Los Objetivos de Desarrollo del Milenio: panorámica general, *Estudios empresariales*, Nº. 138, pp. 6-31.

² Dito informe titúlase “Dando forma ao século XXI: o papel da cooperación ao desenvolvemento”.

³ Kenny, C. (2015): ¿Hemos perdido el rumbo? De los ODM a los ODS, *Política exterior: estudios de la revista Política Exterior sobre la internacionalización de la economía española*, Nº 163, 2015, pp. 80-91.

medida, as seis metas incluídas nese informe foron incorporadas ao posterior documento do Milenio¹.

Figura 1: Metas internacionais do desenvolvemento da CAD









<i>Bienestar económico</i>	
<i>Meta 1</i>	Reducir a la mitad, entre 1990 y 2015, el porcentaje de personas cuyos ingresos sean inferiores a 1 dólar por día (PPA)
<i>Desarrollo social</i>	
<i>Meta 2</i>	Asegurar la enseñanza primaria para todos los habitantes de todos los países en el año 2015
<i>Meta 3</i>	Lograr de aquí al año 2005 claros avances hacia la igualdad entre los sexos y el fortalecimiento de la autonomía de las mujeres, erradicando cualquier discriminación entre sexos en la enseñanza primaria y secundaria
<i>Meta 4</i>	Reducir en dos tercios la tasa de mortalidad de recién nacidos y de niños menores de 5 años, y en tres cuartas partes la tasa de mortalidad materna, antes de 2015
<i>Meta 5</i>	Ofrecer a todos los individuos en edad de procrear la oportunidad de acceder a los servicios de planificación familiar, lo más rápidamente posible, o como límite en el año 2015
<i>Sostenibilidad y regeneración del medio ambiente</i>	
<i>Meta 6</i>	Diseñar estrategias nacionales de sostenibilidad ambiental en cada país en desarrollo de aquí al año 2005 para invertir, antes de 2015, tanto a nivel nacional como mundial, la actual tendencia a derrochar los recursos medioambientales (bosques, recursos pesqueros, agua dulce, clima, suelos, biodiversidad, ozono estratosférico) y a acumular sustancias peligrosas y otros fenómenos importantes

Fonte: Tezanos (2011, p.36)

Baseados neses antecedentes no eido do apoio ao desenvolvemento, no ano 2000, 189 Estados membros das UN reúnen en Nova York aprobando a Declaración do Milenio. Na Carta da Declaración apostábase pola liberalización de nenos, mulleres e homes do estado de pobreza e das súas consecuencias inmediatas de igual gravidade. Consistía na aposta a favor dos dereitos humanos e da promoción do desenvolvemento en xeral. No Cumio de Xenebra “Copenhague+5”, celebrado no mesmo ano, decídese incorporar tamén un obxectivo de carácter político, que na actualidade constitúe o ODM8.

En setembro de 2001, partindo do texto da Declaración do Milenio, ten lugar a Asamblea Xeral das Nacións Unidas. Procédese finalmente á redacción dos obxectivos, especificando as correspondentes metas (18) e indicadores (60). Baixo as intencións da loita contra a pobreza, redáctanse os oito obxectivos presentados na Figura 2. Máis alá dunha concepción cuantitativa da pobreza, medida por un certo nivel de ingresos, os ODM tentaban mostrar unha loita polos dereitos humanos, a liberdade das persoas, a igualdade e a dignidade, realizando todo sempre baixo unha responsabilidade ca natureza e nun entorno de democracia e bo goberno.

Figura 2: Os oito ODM

	1 Erradicar a pobreza extrema e a fame
	2 Lograr a ensinanza primaria universal
	3 Promover a igualdade de xénero e a autonomía da muller
	4 Reducir a mortalidade infantil
	5 Mellorar a saúde materna
	6 Combater VIH/SIDA, paludismo e outras enfermidades
	7 Garantir a sostibilidade do medio ambiente
	8 Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

Fonte: Elaboración propia mediante información do PNUD

2 Análise do ODM1: Erradicar a pobreza extrema e a fame

O ODM1 refírese á fame e á pobreza, ao consistir en erradicar a pobreza extrema e a fame. Dito obxectivo componse de tres metas distintas (Táboa 1).

Táboa 1: Metas do ODM1

META 1.A	Reducir á metade, entre 1990 e 2015, a porcentaxe de persoas cuxos ingresos sexan inferiores a un dólar por día
META 1.B	Alcanzar emprego pleno e produtivo e traballo decente para todos, incluíndo ás mulleres e aos xoves
META 1.C	Reducir á metade, entre 1990 e 2015, a proporción de persoas que padecen fame

Fonte: Elaboración propia

2.1 A pobreza

Primeiramente, aproxímase o concepto de pobreza⁴ para o que existen diferentes definicións, debendo diferenciar pobreza absoluta, relativa, crónica e multidimensional. O termo pobreza absoluta refírese a “un nivel mínimo de ingresos considerado necesario para garantir o acceso á cesta básica de bens e servizos”⁵, de tal xeito que “un fogar será pobre se os seus ingresos ou gastos agregados son inferiores a un valor equivalente ao necesario para a subsistencia”⁵. A pobreza relativa baséase en comparacións co resto da sociedade. Para medila débese “establecer o custo dunha cesta, estimada como unha cesta mínima aceptable dende o punto de vista dos estándares da sociedade”⁶ considerada. Así, a pobreza relativa “non estará construída pola valoración monetaria das necesidades fisiolóxicas e sociais básicas, senón pola valoración monetaria de estándares mínimos aceptables”⁶. A pobreza crónica mide a pobreza tendo en conta o tempo que unha persoa se atopa en dita situación. É unha concepción de pobreza que vai máis alá do simple limiar de ingresos á hora de medila. Por último, a pobreza multidimensional mide a pobreza tendo en conta a carencia de elementos básicos, como son o acceso a vivenda, servizos sanitarios ou educación, así como a capacidade económica da persoa.

O tema da pobreza atópase recollido na primeira meta dos ODM, que consiste en reducir á metade o número de persoas que viven en pobreza extrema no mundo. O BM sitúa a pobreza extrema no limiar de 1,25\$ diarios⁷. Trátase dunha meta prioritaria dos ODM, pois a pobreza extrema garda estreita relación con outros fenómenos como a fame, a desnutrición ou malnutrición, o difícil ou inexistente acceso á auga potable, a aparición de distintas enfermidades, a mortalidade infantil, etc., reflexados nas demais metas. Deste xeito, reduci-la derivaría en grandes avances na consecución dos demais obxectivos.


Co paso do tempo fóronse conseguindo importantes avances na loita contra a pobreza extrema mundial. Como se pode observar no Gráfico 1, a pobreza extrema tende a diminuír no período considerado (1981-2011), especialmente na última década. Os progresos foron de tal envergadura que o propósito de esta meta, en reducir á metade a pobreza extrema, cumpriuse antes do límite temporal establecido; concretamente no ano 2010.

⁴ A definición utilizada normalmente para medir a pobreza nos países en desenvolvemento é a de pobreza absoluta.

⁵ Santibáñez, C. & Sánchez, A. (2011). La universalización de la pobreza, en GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; DURÁN, G.; SÁNCHEZ, Á. (Coord.). *La economía mundial en transformación*, (1ª ed., pp. 78). Madrid: Paraninfo.

⁶ Santibáñez, C. & Sánchez, A. (2011). La universalización de la pobreza, en GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; DURÁN, G.; SÁNCHEZ, Á. (Coord.). *La economía mundial en transformación*, (1ª ed., pp. 79). Madrid: Paraninfo.

⁷ Debemos ter en conta que se situamos a pobreza no limiar de 2\$ diarios sería pobreza moderada.

Gráfico 1: Evolución da pobreza extrema (1981-2011⁸)

Fonte: Banco Mundial

En 1990, un 36.4% da poboación mundial (1.920,2 millóns de persoas) vivía con menos de 1,25 dólares ao día. Co paso do tempo a poboación mundial foi aumentando progresivamente, á vez que esta taxa se ía reducindo, ata situarse nun 16.3% da poboación mundial (1.125,5 millóns de persoas) en 2010. Nese ano redúcese á metade a porcentaxe de persoas que viven en pobreza extrema no mundo. A tendencia á redución parece manterse en 2011 (pobreza extrema do 14,5% da poboación mundial, 1.010,7 millóns de persoas).

A redución deste indicador da pobreza parece que vai persistir. Así o mostran as predicións do BM para 2015, 2020 e 2030⁹.

Pese aos avances sinalados na redución da pobreza extrema, debe matizarse que non se conseguiron dunha maneira uniforme, senón que existen fortes disparidades entre as rexións mundiais. Iso provoca que a pobreza se concentre nunhas cantas rexións, impedindo o cumprimento da meta en todas elas.

⁸ Debe salientarse que se utilizaron os datos máis actualizados dispoñibles no Banco Mundial.

⁹ A predición estima en 2015 unha taxa de pobreza extrema do 11.5%, equivalente a 835,5 millóns de persoas. Para o ano 2020 sitúanos nunha taxa do 9.1%, o que en termos absolutos cifra en 696.4 millóns. Por último, o hipotético escenario para o ano 2030 preséntase moi positivo, xa que a predición mostra unhas cifras moi reducidas, mostrando unha taxa estimada do 4.9%, que en termos absolutos equivale a 411,8 millóns de persoas en extrema pobreza.

Analizando a pobreza por grandes áreas rexionais, comprobamos que en 2010, a maioría das rexións cumpriron esta meta, agás África Subsahariana e Asia Meridional¹⁰.

De todas formas, a rexión sur de Asia incluíndo India, xa acadou a meta establecida en 2011, de xeito que a taxa de persoas que viven con menos de 1,25\$ ao día reduciuse do 54.09% en 1990 ao 24.50% en 2011. En termos absolutos, as persoas en condicións de extrema pobreza nesta área redúcense en 221,52 millóns¹¹. Polo contrario, en África Subsahariana o problema da pobreza extrema está presente na maior parte dos seus países (Figura 3). Partindo xa duns valores iniciais altos, a extrema pobreza foi aumentando: de 290,96 millóns de persoas en 1990 pasouse a 415,76 millóns en 2011, chegando case a dobrar a cifra inicial. En termos relativos, esta rexión africana partía dunha taxa do 56.78% en 1990, situándose no 46.85% en 2011. Ese diferente comportamento en termos absolutos e relativos explícase polo forte aumento da poboación.


“Segundo as estimacións de 2011, case tres quintas partes das persoas en situación de pobreza extrema no mundo, se concentran en só cinco países: India, Nixeria, China, Bangladesh e a República Dominicana do Congo (Figura 3); que xunto con Indonesia, Etiopía, Paquistán, Madagascar e Tanzania, abarcarían pouco máis do 70% do total dos pobres extremos”¹². O 28% restante da pobreza mundial distribuiríase entre os demais países.

¹⁰ No caso de Asia meridional esta afirmación é relativa, posto que si excluimos á India do conxunto, esta rexión asiática si vería cumprida a meta.

¹¹ Así, o número de persoas en condicións de extrema pobreza pasa de 620,47 millóns de persoas en 1990 a 398,95 millóns en 2011.

¹² Banco Mundial (2011): *Informe sobre seguimiento global: Poner fin a la pobreza extrema*.

Figura 3: Os 10 países con maior proporción de pobreza mundial, 2011



Fonte: Banco Mundial

En Asia Meridional, India, Bangladesh e Paquistán concentran o maior volume de persoas en extrema pobreza. Na India atópase o 30% do total de persoas en situación de pobreza extrema a nivel mundial¹³. En 1993, a metade da poboación (49.4%) vivía con menos de 1.25\$ diarios, o que supoñía, en termos absolutos, 455,4 millóns de persoas. O aumento da poboación provocou que a taxa caera ata o 41.6% en 2004, pero o número absoluto de pobres aumentou ata 468,6 millóns. Actualmente, compróbase unha diminución destas cifras, iso implica a redución de 167 millóns de pobres extremos dende 1993, debendo ter en conta o gran aumento da poboación¹⁴. Asemade a taxa reduciuse case á metade. A situación cambia se temos en conta a pobreza moderada, pois o volume de poboación ascendería a 723,4 millóns de persoas en 2011 e a taxa de pobreza moderada cífrase nun 59.2%. Móstrase así a importancia da pobreza na India.

En 1991, en Bangladesh¹⁵ o 70.2% da poboación vivía en pobreza extrema (77.2 millóns de persoas). Actualmente, aínda que se reduciu o número de persoas nesa situación, segue tendo moita importancia. Así, en 2010, 65.4 millóns de habitantes (un 43.3%) eran pobres en situación extrema. Se temos en conta o número de habitantes en situación de pobreza moderada, estas cifras son máis elevadas, ao situarse en 115,7 millóns de persoas(75.5% da poboación).

¹³ Este país caracterízase, xunto con China, país ao que segue, pola maior poboación mundial.

¹⁴ En 1990 na India vivían arredor de 890 millóns de persoas e en 2011 a poboación ascendía a 1.220 millóns.

¹⁵ Bangladesh era o cuarto país con máis persoas en extrema pobreza en 1991.

En 1990, en Paquistán, un 64.7% da poboación vivía con menos de 1,25\$ diarios (71,9 millóns de persoas). Debe destacarse que Paquistán foi un dos países que máis avanzou na redución da pobreza extrema, diminuíndoa ata situarse en 22,1 millóns de persoas en 2011¹⁶. Considerando a pobreza moderada, o número de pobres aumenta significativamente ata 87,7 millóns de persoas, cifra que representa algo máis da metade da poboación (50.7%).

China caracterízase por ser o país que máis avances logrou na loita contra a pobreza extrema. En 1990, un 60.7% da súa poboación eran pobres extremos (689,4 millóns de persoas). A pesar da súa elevada e crecente poboación, foi reducindo a pobreza ata situarse en 84.1 millóns en 2011, unha taxa do 6.3%. A pesar dos avances, China segue sendo o terceiro país con maior número de persoas en situación de pobreza extrema. Esa situación agrávase se consideramos as cifras de pobreza moderada. Así, en 1990, un 85% da poboación china (964,6 millóns) atopábase en estado de pobreza. A singularidade neste caso é que a pobreza moderada foi diminuíndo notablemente ao igual que a extrema. Se temos en conta o conxunto das dúas, no 2011, o número de persoas pobres era de 250.1 millóns (18.6% da poboación). É evidente que o peso da pobreza moderada é importante, pero a pesar de isto, os avances estiveron presentes cunha gran intensidade.

África Subsahariana é a rexión con maior proporción de pobreza extrema. Ademais, varios países pertencentes a esta área concentran a maior parte da pobreza extrema a nivel mundial (Táboa 2). Así, os países a destacar son Nixeria, República Democrática do Congo, Etiopía, Tanzania e Madagascar.

¹⁶ O que supón unha redución de máis da metade de persoas en situación extrema.

Táboa 2: Pobreza extrema, países África Subsahariana

	Anos	Taxa	Millóns
Nixeria	1992	61.9%	62.3
	2011	62%	99.1
<u>R.Democrática</u> do Congo	2005	87.7%	47.4
Etiopía	1995	63.2%	36
	2010	36.8%	32
Tanzania	1992	72%	19.6
	2007	67.9%	27.9
Madagascar	1993	67.1%	8.5
	2010	87.7%	18.5
Nota: Tanto para o ano inicial como para o máis recente, utilízanse os datos máis actualizados que proporciona o Banco Mundial. Nalgún caso como R.D. do Congo, o BM só achega un dato, polo que a comparación non é posible.			

Fonte: Elaboración propia con datos do BC

Aínda que aquí nos centramos nos países que concentran as cifras máis altas de pobreza extrema, “son frecuentes altas taxas de pobreza en países pequenos, fráxiles e afectados por conflitos. E ás veces carécese de enquisas de fogares, frecuentes e de calidade, que recollan os detalles sobre o ingreso e o consumo nestes países, o cal obstaculiza, os esforzos para deseñar e poñer en práctica políticas e programas apropiados para combater a pobreza”¹⁷.

En definitiva, acabar coa pobreza extrema mundial supón grandes esforzos a nivel global e necesita dunha importante proporción de axuda. Como se cita no último informe do BM e en palabras de Jim Yong Kim : “Para acabar coa pobreza extrema, a máis tardar en 2030, cada semana terán que saír da pobreza 1 millón de persoas. Cada semana durante os próximos 16 anos (...)”¹⁸.

2.2 O emprego

O desemprego ou o emprego indecente preséntanse como limitacións na loita contra a pobreza. O estancamento nun emprego de baixa calidade e que vai en contra dos


¹⁷ Informe PNUD 2014, p.9

¹⁸ Banco Mundial (2014): Informe Banco Mundial 2014.

dereitos humanos fomentará a súa incidencia. Débese loitar por un pleno emprego digno para todos, tratando de reducir o emprego vulnerable¹⁹.

O emprego vulnerable ocupaba unha porcentaxe importante sobre o total do emprego en 2013, representaba un 56% sobre o total do emprego nos países en desenvolvemento e un 9,8% nos países desenvolvidos. Analizando rexionalmente (Gráfico 2), malia diminución do emprego vulnerable no período 1991-2013, o certo é que os progresos recentes non foron moi notables, xa que a taxa apenas se viu alterada ao longo do período 2010-2013. Os maiores progresos déronse no Este de Asia; mentres que África Subsahariana e o Sur de Asia, presentan as maiores taxas e ademais os progresos na súa redución apenas son visibles.

Gráfico 2: Taxa de emprego vulnerable por rexión 1991-2013




Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT

Debemos ter en conta que o emprego vulnerable non afecta igualmente a mulleres e homes. Como mostra o Gráfico 3, as mulleres presentan unha peor situación relativa. A brecha entre ambos é maior no caso de África Subsahariana, e especialmente no Norte de África.

¹⁹ Entendendo por emprego vulnerable a suma dos traballadores con emprego independente máis os traballadores familiares non remunerados.


Gráfico 3: Taxa de emprego vulnerable por sexos 2013



Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT

Analizando o colectivo dos traballadores en situación de pobreza extrema a nivel mundial, conséntase unha diminución tanto en termos absolutos como relativos dende 1991 ata a actualidade, tendencia que se prevé que continúe nos próximos anos²⁰.

Gráfico 4: Traballadores en situación de pobreza extrema



Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT

Atendendo á clase social á que pertencen os distintos traballadores (Gráfico 5), malia aos avances rexistrados, os pobres extremos seguen representando unha parte importante dos traballadores do mundo subdesenvolvido. Pero o cambio estase a

²⁰ Prevese unha taxa do 10% en 2018.

notar: en 1991 a maior parte dos traballadores do mundo subdesenvolvido atopábanse en situación de pobreza, especialmente en pobreza extrema; e en 2013 a maior parte dos traballadores son de clase desenvolvida media. Aínda así, seguen predominando os traballadores en situación de pobreza ou próximos a ela.


Gráfico 5: Traballadores por clase económica no mundo subdesenvolvido



Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT


A análise por rexión dos traballadores segundo a súa clase social, permite constatar ese cambio das clases sociais dos traballadores entre de o 1991 e 2013 (Gráficos 6 e 7). En 1991 na maioría das rexións predominaban traballadores en situación de pobreza (especialmente extrema), pero en 2013 a clase desenvolvida media e a próxima á pobreza son as predominantes. O cambio é substancial para o Este de Asia.

Gráfico 6: Traballadores por clase económica e rexión, 1991



Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT

Gráfico 7: Traballadores por clase económica e rexión, 2013



Fonte: Elaboración propia mediante datos da OIT

2.3 A fame

2.3.1 Preocupación pola fame mundial: Situación de partida²¹

O interese pola existente fame mundial comeza a tomar forza a mediados dos anos 90; cando dito problema empeza a formar parte das axendas políticas internacionais. Antes da súa incorporación como un dos obxectivos primordiais na Declaración do Milenio do ano 2000, a loita contra a fame mundial xa adquiriu importancia nas preocupacións mundiais en 1996. Neste ano celebrouse en Roma o Cumio Mundial sobre a Alimentación, que senta as bases para loitar contra este problema, fixándose o compromiso de reducir á metade o número de persoas en situación de fame, tomando como referencia os datos correspondentes ao período 1990-1992, e datando o límite para o 2015. O ODM1 estableceu como meta 1.c reducir á metade a proporción mundial de persoas en situación de fame. Esta meta dos ODM é moito menos ambiciosa que a establecida en 1996, posto que a esixencia é maior en termos absolutos que relativos²². Cabe dicir que a preocupación pola fame xa estaba presente aínda en tempos máis atrás, incorporado nos conceptos de seguridade alimentaria²³ e dereito á alimentación. Este primeiro concepto nace tras a segunda guerra mundial, pero a alza do seu estudo comeza ca crise mundial do petróleo dos anos 70, debido ao impacto que esta tivo sobre os prezos dos cereais e produtos alimenticios en xeral.

A última meta do ODM1 refírese á redución da fame mundial. Para a súa análise débense ter en conta varios indicadores que, en conxunto, mostrarán os síntomas da inseguridade alimentaria existente. Primeiramente, aproximámonos ao significado do termo fame. Xeralmente, enténdese por fame a privación de alimentos, mais existen múltiples conceptos que se refiren á fame. Algúns dos máis usados son os seguintes²⁴:

²¹ Sánchez A. & Vivero, J. L. (2011). La alimentación. Avanzar hacia la soberanía alimentaria en GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; DURÁN, G.; SÁNCHEZ, Á. (Coord.). *La economía mundial en transformación* (1ª ed., pp. 140-179). Madrid: Paraninfo

²² Cuantitativamente, para o promedio de 1990-1992, no mundo 1010.6 millóns de persoas pasaban fame, polo que a meta da CMA consiste en reducir dita cifra en 505.3 millóns de persoas. Polo contrario, estimando una poboación de 7.300 millóns para o 2015 a meta do ODM1 consistiría en reducir a fame en 318,8 millóns de persoas. Este último cálculo realizouse tendo en conta que a prevalencia da taxa de fame para o 1990-1992 era do 18.6% e a poboación de 5.364 millóns.

²³ O glosario da FAO define seguridade alimentaria como "situación que se da cando todas as persoas teñen, en todo momento, acceso físico, social e económico a suficientes alimentos seguros e nutritivos para satisfacer as súas necesidades alimenticias e as súa preferencias en canto a alimentos, co fin de levar unha vida sa e activa".

²⁴ Para medir os avances nesta meta do ODM-1 utilízanse como indicadores a subnutrición e desnutrición, considerando a FAO o termo fame como sinónimo de subalimentación crónica.

Táboa 3: Conceptos referentes á fame

Subnutrición ou subalimentación	Refírese a unha situación de inseguridade alimentaria crónica derivada dun nivel de inxesta de alimentos insuficiente para satisfacer as necesidades de enerxía alimentaria básicas durante un período de duración continuado, de polo menos un ano.	
Malnutrición	É o estado fisiolóxico anormal derivado dun consumo insuficiente, desequilibrado ou excesivo de macronutrientes ou micronutrientes, tales como poden ser a vitamina A, o zinc ou o iodo. Deste xeito, a malnutrición inclúe desnutrición, hipernutrición e carencia de micronutrientes.	
Desnutrición	Desnutrición (termo xeral)	Refírese ao estado patolóxico derivado dunha dieta deficiente dun ou varios nutrientes esenciais, ou dunha mala asimilación dos alimentos. Distínguense tres tipos de desnutrición: aguda, crónica e global.
	TIPOS	
	<i>Desnutrición aguda:</i>	Implica unha deficiencia de peso para unha determinada altura, causando delgadeza extrema que se asocia a situacións de fame ou enfermidade. Mídese mediante o perímetro do braza. Esta pode ser moderada ou crónica, tendo asociado un alto risco de morte neste último caso.
	<i>Desnutrición crónica</i>	Maniféstase nun retardo de altura para unha idade determinada asociada, normalmente, a situacións de pobreza que acaba por xerar consecuencias sobre a aprendizaxe. Trátase do retraso no crecemento.
	<i>Desnutrición global:</i>	Implica unha deficiencia de peso para unha determinada idade.

Fonte: Elaboración propia mediante a utilización de conceptos proporcionados pola FAO e Unicef


2.3.2 Subalimentación

2.3.2.1 Perspectivas xerais

Analizando os datos proporcionados pola FAO sobre o número de subnutridos, constátase unha tendencia xeral á súa diminución no período 1990-2013 (Gráfico8), aínda que se poden identificar subperíodos con distinto comportamento: na década dos 90 os avances na redución da fame foron positivos, xa que se acompañaban dunha tendencia progresiva e decrecente. Na década dos 2000 esta tendencia viuse desacelerada e os progresos comezaron a ser máis lentos. Así, partindo dunha situación inicial, en 1990-1992 de 1010,6 millóns de persoas subnutridas, pasouse a

808,40 millóns para o 2011-2013, que en termos relativos equivale a pasar dun 18.6% sobre o total da poboación mundial a un 11.4%²⁵.

Gráfico 8: Evolución da subnutrición



Fonte: Elaboración propia mediante datos da FAO

A pesar dese panorama un tanto negativo, non debemos esquecer a existencia dos progresos, xa que se conseguiu reducir a fame crónica en 216 millóns de persoas dende 1990-1992 ata a actualidade; unha redución dun 21.4% que tivo lugar no contexto dunha poboación mundial crecente²⁶. Ademais, aínda que, en termos absolutos, a fame ocupa unha posición importante no mundo, impedindo cumprir a meta do CMA para 2015; se analizamos a evolución en termos relativos, tal e como recolle a meta 1C dos ODM, a situación é máis positiva, pois esa meta case se vería lograda. Para acadala habería que situarse nun 9.3%, e tendo en conta as predicións para 2014-2016, quedaríanse a só 0,6 puntos porcentuais.

A fame distribúese heteroxéneamente a nivel mundial, concentrándose en rexións concretas, que pertencen principalmente a zonas en vías de desenvolvemento. Nas rexións desenvolvidas, a proporción de subnutridos tendeu a ser inferior ao 5% da poboación. Concretamente no período 2010-2012, 15.7 millóns de persoas atopábanse en situación de subnutrición no mundo desenvolvido; cifra a ter en conta, pero insignificante en comparación coas rexións subdesenvolvidas.

²⁵ Ademais, segundo as predicións da FAO, no período 2014-2016, aínda un 10.9% da poboación mundial sufriría subnutrición, o equivalente a 794,6 millóns de persoas. Entón, a pesar dos progresos, a realidade aínda se atopa moi afastada da meta proposta.

²⁶ Concretamente cifra en 1.9 billóns de persoas durante este tempo.

A fame atópase concentrada nas rexións en desenvolvemento; representando aproximadamente o 98% da fame mundial. Ao inicio do período 1990-1992, un 23.3% do total da poboación en países non desenvolvidos atopábase en situación de subnutrición (990.7 millóns de persoas); a situación segue sendo grave para estas rexións, pois no período 2010-2012 o predominio da subnutrición só se reduciu ao 14.1% (805 millóns de persoas)²⁷. Considerando estes datos e as predicións realizadas pola FAO, a meta non se cumpriría en 2015 para o mundo en vías de desenvolvemento²⁸. Estes resultados mostran o lento descenso dos últimos anos na loita contra a fame nos países en desenvolvemento.


Debemos mencionar que entre as rexións subdesenvolvidas existen grandes disparidades, xa que a desnutrición está concentrada nalgúns dos seus países e os avances logrados en cada un deles foron ben distintos. África e Asia son os continentes que concentran maior porcentaxe de predominio da nutrición insuficiente e maior número de persoas en situación de subnutrición.

A figura 4 presenta dous mapas do mundo; o primeiro mostra os progresos en termos absolutos cara á consecución do obxectivo do CMA, e o segundo mostra os progresos en termos relativos cara á consecución da meta 1C dos ODM. Ao analizar os progresos en termos relativos na loita contra a fame, semella que os avances foron importantes; pero a realidade é ben distinta, pois, en termos absolutos, a fame segue presente nuns niveis importantes. Por exemplo, tendo en conta a meta dos ODM, 77 países xa terían conseguido reducir á metade a proporción de fame; polo que os logros alcanzados tiveron unha gran dimensión para esas zonas. Trátase, en realidade, dunha redución relativa pois nalgúns casos, esta redución só é consecuencia das altas taxas de crecemento da poboación. Se nos fixamos no mapa que mostra os datos en termos absolutos (meta CMA), pode comprobarse que a redución da subalimentación non foi tan significativa, pois só 29 países o lograron.

²⁷ Ademais, para 2013-2015 a FAO estima que esta cifra só se reducirá ao 13.1% (782.7 millóns de persoas), e para 2014-2016 ao 12.9% (779.9 millóns de persoas).

²⁸ Para ser así, o predominio da subnutrición debería situarse nun 11.65% nestas rexións.

Figura 4: Nivel de cumprimento da meta en relación a fame



Fonte: Elaboración propia utilizando os mapas interactivos da FAO

2.3.2.2 Perspectivas rexionais

A continuación analizaremos a subalimentación nas tres grandes rexións mundiais: África, Asia e América Latina e o Caribe:

a) África

África concentra a maior porcentaxe de predominio de fame crónica e, ademais os avances logrados foron moi limitados no conxunto da rexión. No período 1990-1992 dita variable situábase nun 27.6% (181.7 millóns de persoas), cifra que pasou a un 20.7% (218.5 millóns de persoas) en 2010-2012. A pesar disto, non todas as súas rexións se comportaron da mesma maneira. Algunhas tiveron grandes progresos, chegando incluso a cumprir a meta. Este é o caso de África do Norte, rexión que mantivo a fame crónica, dende 1990-1992, nunha porcentaxe inferior ao 5% da súa poboación. Isto, como recolle o último informe das tendencias da seguridade alimentaria da FAO, mostra que “a rexión norte do continente africano está moi preto de acabar ca inseguridade alimentaria grave, a pesar de que un 5% da poboación poida equivaler a un importante número de persoas en países como Alxeria, Exipto, Tunisia e Marrocos”²⁹.

África Subsahariana é a rexión africana cun maior número de persoas en situación de subnutrición. Lonxe de lograr progresos na loita contra a fame, esta rexión incrementou o número de persoas que a padecen. Partindo de 165,7 millóns en 1990-1992, pasou a rexistrar 205.7 millóns en 2010-2012³⁰. En cambio, en termos relativos percíbese unha redución do predominio da fame crónica, ao diminuír dende o 33.2% ao 24.1% para 2010-2012. A explicación do descenso anual dos termos relativos atópase no incremento progresivo da poboación, pois a taxa de crecemento para esta rexión é do 2.7% anual²⁹.

Unha análise máis detallada, permite apreciar que dentro da rexión subsahariana, a subrexión oriental é a que concentra maior cantidade de persoas en situación de fame³¹.

A subrexión de África Central presenta altas porcentaxes do predominio de persoas en situación de fame. Ademais, a diferenza das demais subrexións, dita porcentaxe aumentou significativamente dende 1990-1992 (33.5%) a 2000-2002 (44.2%), para posteriormente diminuír.

A subrexión occidental conseguiu importantes progresos, logrando acadar a meta proposta en 2002-2005 (11.8%). Ademais neste caso, os avances tamén se deron en

²⁹ FAO (2015): *The estate of food Insecurity in the world*

³⁰ As predicións tamén mostran escenarios de tendencia negativa, pois a FAO estima que para o período 2014-2016 a cifra se eleve a 220 millóns de africanos en situación de subalimentación.

³¹ As cifras desta rexión suponen o 54.3% do total persoas subalimentadas de África e o 14.5% do total mundial.

termos absolutos, pois de 44.6 millóns de subnutridos para 1990-1992, pasouse a 30.4 millóns en 2010-2012³².

b) Asia

Case o 68% do total de persoas con nutrición insuficiente do mundo en desenvolvemento se atopa en Asia. Aínda así, logrou grandes avances, proxectando unha tendencia positiva na redución da fame. En 1990-1992, 741.9 millóns de asiáticos pasaban fame, cifra que se foi reducindo, para situarse en 2010-2012 en 546.9 millóns³³. Os avances tamén se reflexan en termos relativos, pois descendeu do 23.6% en 1990-1992 ao 13.5% en 2010-2012³⁴. Malia á importancia dos logros asiáticos, a meta para o conxunto da rexión non foi lograda, pero apunta á pronta consecución.

O sur asiático e a parte oriental concentraban case o 80% da fame total de Asia, porcentaxe que á súa vez se focaliza maioritariamente nos dous grandes países do continente: India e China. Dos 295.4 millóns de persoas subalimentadas de Asia Oriental en 1990-1992, 289 millóns (98%) vivían en China. Polo tanto, para analizar a evolución desta rexión observaremos o comportamento de China. China partía, ao inicio do período de 298 millóns de subalimentados (un 23.9% en termos relativos). A pesar desta mala situación de partida, en 2010-2012 conseguía superar a meta establecida, reducindo nalgo máis da metade o predominio da fame, concretamente ata un 11.7%.³⁵ Aínda que en termos absolutos o número de persoas non se reduciu nun 50%, os avances tamén foron moi positivos, xa que o número de subalimentados reduciuse en 126 millóns ata 2012. Destaca China polos seus progresivos avances, que se trasladan directamente ao conxunto da rexión oriental, debido ao peso relativo que ten China, conseguindo o este asiático alcanzar a meta 1c dos ODM³⁶.

Unha situación menos positiva ten lugar no Sur de Asia. Dos seus 291,2 millóns de subnutridos en 1990-1992, 210.10 pertencían á India, o equivalente a un 72% do total de Asia Meridional. En India, os avances na redución da fame foron intermitentes. Tendo en conta este comportamento variable, a meta non se cumpriu na India nin no conxunto da rexión meridional, que pasou dun 23.9% de predominio de fame en 1990-1992 ao 16.1% en 2010-2012. Malia ao lento progreso da rexión, tres países que a compoñen si tiveron avances positivos, chegando incluso a lograr a meta establecida, como Maldivas, Nepal e Bangladesh. Os avances en Nepal foron especialmente

³² Polo que diminuíu o número de persoas con fame en 14.2 millóns.

³³ As predicións realizadas pola FAO indican que esta redución en termos absolutos vai continuar descendendo a 511.7 millóns para 2014-2016.

³⁴ Predicíndose unha cifra de 12.1% para 2014-2016.

³⁵ As predicións da FAO predicen un panorama máis positivo para 2014-2016, pois o porcentaxe de subalimentados situaríase no 9,3%.

³⁶ Malia á consecución da meta e redución do número absoluto de subnutridos, debemos ter en conta que China segue concentrando unha alta cifra de persoas en situación de fame crónica.

positivos, pois dun 22.8% de predominio de fame crónica en 1990-1992 (4.2 millóns en termos absolutos), pasou a rexistrar un 9.2% (2.5 millóns) en 2010-2012³⁷.

En relación aos escenarios positivos, ademais da subrexión meridional, debemos referirnos á subrexión sudoriental. Partindo en 1990-1992 de 137.5 millóns de persoas subnutridas (un 30.6% en termos relativos), situouse en 2010-2012 en 72.5 millóns (12.1%); reducindo o predominio da fame nalgo máis do 60% e alcanzado a meta proposta polos ODM. Ademais, neste caso a meta tamén foi lograda en termos absolutos³⁸.

Pola contra, entre os escenarios máis negativos da rexión en canto aos avances atópase Asia Occidental. Partindo dun predominio do 6.4% de fame crónica (8.2 millóns de asiáticos) en 1990-1992 foi rexistrando un aumento, ata situarse en 2010-2012 nun 8.8% (18.4 millóns). Aínda así, débese ter en conta que nalgúns dos seus países dito predominio é moi baixo (inferior ao 5%), como no caso de Kuwait, Xordania ou Líbano.

c) América Latica e o Caribe

América Latina e o Caribe cumpriu a meta 1.C dos ODM, pois dun 14.7% de predominio de fame (66.1 millóns de persoas) en 1990-1992, pasou ao 6.4% (38.3 millóns) en 2010-2012. Isto débese a que case a totalidade dos subnutridos da rexión se atopan en América do Sur, subrexión que conseguiu un progreso inigualable, pasando dun 15.1% de predominio da subnutrición en 1990-1992 a unha porcentaxe inferior ao 5% a partir de 2010.


Por último, cabe sinalar a existencia de países que se atopan en situación de alerta alimentaria. Isto implica que necesitan axuda exterior para lograr alimentar ás súas poboacións. Actualmente, 37 países atópanse nesta situación, dos que 29 pertencen ao continente africano, 5 a Asia e, 3 a América Latina e o Caribe (Figura 5). As razóns disto son diversas: a falta de acceso aos alimentos, a grave inseguridade alimentaria localizada ou a existencia dun déficit excepcional de produción de alimentos agregada con respecto aos subministros, é dicir, unha falta de dispoñibilidade dos mesmos³⁹.

³⁷ As predicións estimadas aínda eran máis positivas; pero debido ao terremoto que tivo lugar no mes de abril e maio deste ano quizais estas tendencias positivas se vexan alteradas de maneira temporal.

³⁸ Segundo recolle o último informe da FAO, estes logros víronse apoiados por un rápido crecemento da produtividade na agricultura, xa que dende que se produciu unha mellora na dispoñibilidade de alimentos debido aos efectos positivos da Revolución Verde en Asia en 1961, palpáronse beneficios como un mellor acceso á alimentación por parte dos pobres das zonas rurais.

³⁹ Véxase FAO

Figura 5: Mapa de países en situación de alerta alimentaria



Fonte: FAO

2.3.3 Desnutrición

Dentro do total de persoas en situación de fame no mundo, a infancia é un dos colectivos máis afectados. Unha mala nutrición proporciona consecuencias negativas de por vida, efectos que se mostrarán no desenvolvemento motor e físico do neno, así como no seu desenvolvemento social. Ademais, a desnutrición debilita o sistema inmunolóxico, polo que a probabilidade de contraer diversos tipos de enfermidades, ou ben agravalas, vese incrementada⁴⁰. A infancia é un período de vital importancia para o desenvolvemento futuro, polo que unha boa nutrición nesta etapa é fundamental. Actualmente, fálase dos 1.000 días críticos para a vida, é dicir, o embarazo e os dous primeiros anos de vida como período fundamental para previr a desnutrición e conseguir un desenvolvemento efectivo do neno, pois é nesta etapa onde se leva a cabo o seu desenvolvemento básico⁴¹.

En 1990, un 24.8% dos nenos menores de 5 anos no mundo (160 millóns) tiñan un peso inferior ao adecuado para a súa idade. En 2013 esta cifra xa se reduciu a 98,9 millóns (15%). As últimas estimacións feitas pola OMS establecen que en 2015 esta porcentaxe se reduciu ata o 14.3% (95,2 millóns). Case o total destas cifras pertencen ao mundo en vías de desenvolvemento.

Malia á redución constante en termos globais, as cifras seguen sendo alarmantes e non todas as rexións mostran unha tendencia similar. Asia, que abarca o maior número de nenos menores de 5 anos con peso insuficiente, é o continente que máis avances

⁴⁰ Véxase Unicef.

⁴¹ Unicef (2011): *La desnutrición infantil. Causas, consecuencias y estrategias para su prevención y tratamiento.*

logrou; concretamente a súa parte sur, que é a rexión con máis nenos nesta situación. Así, partía inicialmente de 85,9 millóns e descendeu a 52,6 millóns en 2013, establecéndose como a rexión asiática con maior avance en termos absolutos; en termos relativos é a única rexión de Asia que aínda non cumpre a meta, pero atópase a punto de lograla. O maior progreso en termos relativos en Asia, tivo lugar na rexión oriental, que pasou dun 15,6% (21,3 millóns) en 1990 ao 2,7% (2,5 millóns) en 2013. En xeral, todas as rexións asiáticas lograron unha importante redución, tanto en termos absolutos como relativos.

Pola contra, África tivo un progreso limitado, debido á evolución negativa da parte subsahariana. Esta partía en 1990 dunha porcentaxe do 28,9%, que só diminuíu ata un 21,1% en 2013. En termos absolutos a situación empeora, pois o número de nenos menores de 5 anos, con peso insuficiente aumentou progresivamente, pasando de 26,4 millóns en 1990 a 32,5 millóns en 2013. En cambio, a rexión norte avanzou positivamente en termos relativos e absolutos, reducindo á metade o número e predominio de nenos nesta situación.

A situación para América Latina e o Caribe tamén foi positiva; dun 7,3% en 1991 (4,1 millóns) pasou a rexistrar en 2013, un 2,7% (1,4 millóns), cumprindo a meta para este indicador.

A pesar destes avances contra a desnutrición global, aflora cun maior peso en canto a número de nenos, a desnutrición crónica⁴². Reduciuse o número de nenos que a padecen en 96 millóns; contaba en 1990 con 256 millóns (39,9%) e rexistrou en 2013 161 millóns (24,5%)⁴³. Os progresos máis importantes danse en Asia, tanto en termos relativos como absolutos. Pola contra, África subsahariana, a pesar de reducir lixeiramente o predominio desta desnutrición, aumentou o número de nenos a 57,7 millóns para 2013.

2.3.4 ¿Por que uns niveis tan elevados de fame? ²¹

Ao longo do tempo aportáronse diversas explicacións sobre as cifras tan elevadas de fame mundial. Durante un amplo período, dende a época de Malthus, considerábase que a fame era consecuencia dunha produción de alimentos insuficiente, debido ao crecemento exponencial da poboación ou a ocorrencia de catástrofes naturais. Segundo esta teoría, no mundo non se producían alimentos suficientes para todos, o que causaba as cifras de fame existentes.

Co paso dos anos demostrouse que isto non era totalmente correcto. A poboación medra de forma exponencial pero, o certo é que se producen alimentos suficientes para alimentar á totalidade da poboación. Así, chegada a década dos 70, achácase o

⁴² A desnutrición crónica reflexa un retraso no crecemento.

⁴³ PNUD (2014): *Informe 2014. Objetivos de desarrollo del Milenio*

predominio de fame a outras causas. Aparecen enfoques que establecen como causas “a incapacidade de acceso de determinados grupos aos alimentos, como consecuencia fundamental da pobreza ou discriminación da muller, así como aos conflitos armados ou a discriminación política”⁴⁴. Neste sentido destaca a aportación de Amartya Sen en 1981⁴⁵; levou a cabo a investigación de dous períodos de fame importantes, a época de fame de Etiopía e a de Bengala, para constatar que non eran debidas á carencia de alimentos. Para el, “as titularidades⁴⁶ eran a capacidade para conseguir comida a través dos medios legais existentes nunha sociedade”⁴⁴, polo que a falta ou diminución destas titularidades eran o motivo da existencia da fame. Os alimentos existían en número suficiente, o problema era ter a capacidade para adquirilos.

Actualmente considérase que a fame existe pola confluencia de diversos factores interrelacionados, como o alto predominio de pobreza que limita o acceso aos alimentos polos colectivos que a sofren. Ademais, moitos autores coinciden en que a persistencia da fame é motivo de causas políticas, pois en moitas ocasións non se levan a cabo unhas políticas eficientes para evitalo ou sinxelamente se levan a cabo de forma incorrecta, empeorando a situación²¹.

Debemos ter en conta tamén, que no ano 2008 tivo lugar a crise mundial do alimentos, que se manifestou nun aumento dos seus prezos, limitando o acceso a eles. Debido á dependencia dos alimentos que ten o mundo subdesenvolvido, a subida dos prezos provocou unha caída dos ingresos, agravando a situación. A consecuencia inmediata traducíuse no aumento das persoas en situación de fame.

3 Financiamento e cooperación

3.1 Orixe

Para facer posible o desenvolvemento mundial e para facilitar a consecución dos ODM é necesaria a contribución dos países desenvolvidos. Por iso é fundamental a creación dun sistema de financiamento e cooperación⁴⁷.

⁴⁴ Pérez de Armiño, K. 2000. Diccionario de acción humanitaria y cooperación al desarrollo.

⁴⁵ A aportación é a Teoría das Titularidades; esta teoría contrapoñíase á idea malthusiana sobre a fame.

⁴⁶ Distinguía Sen tres tipos de titularidades ou formas de conseguir alimentos, aquelas que se baseaban na produción (alimentos que producía a propia familia), as de intercambio (capacidade para mercar os alimentos no mercado con cartos que proveñen da realización ou traballo de outras actividades) e as transferidas (herdanzas).

⁴⁷ Cabe sinalar que os conceptos de financiamento e cooperación non significan o mesmo, malia á súa semellanza. Mentres a axuda baséase en simples transferencias de recursos, a cooperación abarca algo moito máis amplo, non consistente só nunha mera transmisión de recursos. Véxase Alinso, J.A. (2009).

Tanto se falamos de cooperación como de axuda, debemos situarnos no período posterior á Segunda Guerra Mundial. Nun contexto de descolonización de Asia e África, abandónase a axuda como relación entre metrópole e colonia e, avánzase na busca de recursos e instrumentos financeiros para fomentar, esta vez de forma voluntaria, o desenvolvemento das zonas do Sur, que xunto ca promoción dun crecemento económico pretendía lograr unha maior estabilidade tanto social como política nun contexto de Guerra Fría⁴⁸. Este afán polo desenvolvemento materializábase mediante os impulsos efectuados polos gobernos e a creación de organizacións institucionais coñecidas como ONGs.

Para falar dun sistema de financiamento xa institucionalizado debemos retroceder ata o ano de formación do CAD⁴⁹, co que nace a AOD⁵⁰, que se encargaría de proporcionar financiamento, por parte dos países industriais, mediante doazóns ou créditos cara ás zonas máis desfavorecidas, sempre baixo unhas condicións establecidas por dito organismo. Desde o seus inicios a AOD sufriu unha evolución irregular no tempo. Inicialmente, ao constituírse como axuda principal, seguiu unha senda expansiva, pero co paso do tempo e coa entrada de novos tipos de financiamento do desenvolvemento foi perdendo peso. Neste sentido, no período que vai dende a creación do CAD ata 1991, esta axuda mostrou progresos positivos, aínda que debemos ter en conta que isto foi posible grazas ao aumento do número de países membros do CAD. Dende este momento comeza unha diminución das achegas, facendo que a AOD teña un retroceso⁵¹.

Por aquel tempo, a axuda non se sustentaba nas bases dun verdadeiro afán polo desenvolvemento, senón que toda colaboración proporcionada se movía polas relacións políticas existentes entre as rexións derivadas do contexto da Guerra Fría. A cooperación e a axuda tiña unha cara oculta, o que provocou múltiples críticas e unha falta de confianza e credibilidade na eficacia da AOD⁵². Falábase, en torno a 1997, da “fatiga da axuda” xa que tras varias décadas a AOD considerábase insuficiente e ineficaz, mostrando as cifras relativas máis baixas da súa historia⁵². Culpábase disto ás

⁴⁸ Unceta, K. (2003): El sistema de cooperación frente a la crisis del desarrollo, *Revista de Economía Crítica*, N°1, pp. 189-200.

⁴⁹ CAD: Instancia da OCDE, creada en 1960, que se encarga da axuda para o desenvolvemento.

⁵⁰ Debemos distinguir entre axuda bilateral e multilateral, sendo a primeira á xestionada polos gobernos donantes sendo este quen decida cara onde vai destinada a axuda e que instrumentos utilizar; por outro lado a segunda, é aquela que os gobernos transmiten a institucións das cales son socios, sendo estes últimos os que se encargan da súa xestión. Véxase Alonso, J. A. (2009).

⁵¹ Alonso, J.A. (dir.) (2009). *Financiación del desarrollo: viejos recursos, nuevas propuestas*, Madrid: Siglo XXI de España: Fundación Carolina.

⁵² Sanahuja, J. A. (2009): ¿Más y mejor ayuda?: Los Objetivos del Milenio, la Declaración de París y las tendencias en la cooperación al desarrollo, *Eikasía: revista de filosofía*, N° 28, pp. 125-161.

políticas de desenvolvemento dirixidas polos distintos gobernos receptores e á súa incapacidade para utilizar esa axuda de forma correcta, desviándoa cara outros usos distintos do desenvolvemento das súas rexións e incluso relacionándoos ca corrupción⁴⁸.

Parecía entón necesaria a reformulación das súas bases, pero tívose que esperar ata o xurdimento dos ODM para ver como se volve poñer sobre a mesa a necesidade de promover unha maior e mellor axuda e financiamento que fomente o cumprimento dos obxectivos e, polo tanto do desenvolvemento dos máis pobres⁵¹. Por iso, leváronse a cabo dúas reunións para asentir as bases dun financiamento que facilitase a consecución dos ODM.

A primeira ten lugar en 2002, trátase da Conferencia Internacional de Financiamento para o Desenvolvemento que tivo lugar en Monterrei, e que derivou no Consenso de Monterrei. Nese documento recolléronse os puntos referentes ao financiamento que aparecen na táboa 4:

Táboa 4: Obxectivos acordados no Consenso de Monterrei

1	Mobilizar recursos financeiros internos para o desenvolvemento
2	Mobilizar recursos internacionais para o desenvolvemento, incluídas a inversión estranxeira directa e outras correntes privadas.
3	Fomentar o comercio internacional como motor do desenvolvemento
4	Aumentar a cooperación financeira e técnica internacional para o desenvolvemento
5	Perdoar a débeda externa
6	Facer fronte a cuestións sistémicas, como o fortalecemento da uniformidade e a coherencia dos sistemas monetario, financeiro e comercial internacionais para apoiar o desenvolvemento.

Fonte: Elaboración propia a través de información da UN

A pesar do avance que supoñía unha reflexión deste tipo, as innovacións levadas a cabo foron escasas. Máis que incorporar novas propostas, insistiuse en temas de financiamento que xa estaban presentes, como a importancia do comercio e do investimento exterior, como principais fontes cara á consecución do desenvolvemento, dando un papel importante ao financiamento privado⁵². Reafirmouse a necesidade de achegar o 0.7% do PIB como axuda, por parte de cada país. Neste sentido, tanto a UE como EEUU comprometéronse a realizar un aumento da súa axuda⁵¹. Ademais, propúxose duplicar a axuda ao desenvolvemento ata alcanzar uns 100.000 millóns de dólares⁵².

Seis anos despois ten lugar, en Doha, a Conferencia de seguimento para aplicar o Consenso de Monterrei. Novamente, esta conferencia non achegou case nada novo en canto ao financiamento. Aínda que unha vez máis a magnitude de axuda formou parte do debate, comprometéndose a UE a aumentala ao 0,56% do PNB para 2010 e ao 0,7% para 2015. Temas relativos á cooperación, como a referente á Sur-Sur, ou á que deben achegar os países de ingresos medios tamén foron abordados⁵¹.

En 2005 levárase a cabo un novo cumio⁵³ para examinar os progresos logrados en materia dos ODM. Isto fortaleceu o valor que se derivaba dos ODM ante as tentativas de países como EEUU por eliminalos e manterse a favor do desenvolvemento tan so a través da AOD^{54, 51}

3.2 Evolución

Debido á persistencia de lograr as metas baseadas en meros resultados cuantitativos, o cumprimento dos ODM atópase moi vinculado á axuda, esquecéndose da importancia que teñen os cambios estruturais ou políticos. Así, a cooperación tamén pasa por alto isto último, centrándose na magnitude dos fluxos necesarios para cumprir os ODM, deixando de lado a preocupación pola mellora nos instrumentos financeiros necesarios para lograr un camiño estable cara ao desenvolvemento. Os esforzos por cambiar esta situación son mínimos, de xeito que un importante número de donantes se negan a firmar novos acordos en materia de axuda e buscar alternativas de instrumentos que melloren o financiamento no referente ás necesidades dos países en situación de pobreza⁵⁴.

A pesar do que representa a axuda de cara aos ODM e a importancia coa que se valora, se analizamos o conxunto da súa evolución podemos ver que os progresos non foron memorables. Se nos fixamos na evolución da AOD dende o Consenso de Monterrei, observamos que aumentou considerablemente ata 2005, cando alcanza o seu máximo (106.800 millóns de dólares). Parece pois que unha mellora está presente, pero se un se fixa no que representa esta cifra sobre o total do PIB dos donantes pode comprobar que os progresos foron ben limitados. Máis empeora esta situación se temos en conta as magnitudes dos últimos anos, pois caracterízanse por un descenso das cifras absolutas⁵¹. Tendo en conta isto, e que parte do incremento da axuda de 2005 debeuse á axuda de emerxencia polo tsunami asiático e polo alivio da débeda, podemos deducir que a eficacia da AOD, que os altos dirixentes tanto valoran, non é demasiado destacable. Ademais, debe indicarse que está perdendo forza no referente a favorecer o desenvolvemento, mentres se produce un aumento cara ao apoio do humanitario, o terrorismo e as situacións de emerxencia⁵².

En consonancia co anterior podemos dicir que “parte dos problemas que afectan ao sistema internacional de axuda radica nas institucións, máis que nos recursos”⁵². Atopámonos ante un sistema de axudas voluntario onde as regras comúns e un

⁵³ O chamado Cumio do Milenio +5

⁵⁴ Unceta, K.; Martínez, M.J. e Zabala, I. (2011): “Objetivos del milenio, financiación del desarrollo, y eficacia de la ayuda 2000-2010: necesidad de un análisis integrado y de un enfoque alternativo”, *Actas XIII Reunión de Economía Mundial La Gobernanza Global: Cooperación y Conflicto en el Sistema Económico Mundial*. San Sebastián: Universidad del País Vasco.

consenso sobre o tema non están presentes. Falta unha política encargada de coordinar a axuda internacional, pois na actualidade cada un dos donantes é o encargado de establecer os seus límites e coordinar a súa axuda. Trátase dun sistema descentralizado onde cada vez teñen cabida un maior número de donantes, que dirixen a súa axuda cara multitude de aspectos distintos, provocando unha fragmentación que causa un aumento dos custos e contribuindo, polo tanto, a que o total de dotacións se reduza⁵².

Ante esta crise da cooperación, derivada das críticas cara á súa eficacia para promover o desenvolvemento, lévase a cabo a Declaración de París no ano 2005. Nela establecéronse uns principios básicos de cara a mellorar a eficacia da axuda; trátase da apropiación, o aliñamento, a harmonización, a xestión por resultados e a mutua rendición de contas. Con eles establécese unha maior vinculación entre os países donantes e os receptores. Adicionalmente, tratáronse temas que de novo orixinan críticas, entre os que destaca a importancia que se lle dá ao Estado como principal actor e coordinador da cooperación, deixando de lado o papel doutros actores como a sociedade civil ou as ONG. Xunto a isto, a Declaración de París deixa o rastro dunha “visión tecnocrática da cooperación e da xestión da axuda”⁵⁵. Ademais, a Declaración só fai referencia á mellora da eficacia da AOD, pero deixa fóra das súas intencións outras formas de financiamento importantes como o investimento exterior, o comercio, a débeda ou as cada vez máis importantes remesas de inmigrantes⁵⁴.

En xeral, a cooperación esquécese de problemas de fondo fundamentais para seguir unha senda eficaz cara ao desenvolvemento e á consecución dos ODM e erradicación da pobreza. Nun mundo onde a cooperación se basea simplemente en axuda, é necesario avanzar noutros tipos de cooperación en temas de comercio, dereitos humanos ou protección ao medio ambiente, que miren pola súa eficacia e loiten por un mellor funcionamento. Ademais, no referente aos fluxos de axuda é necesario establecer un consenso global e estable, onde exista un sistema de control. Á vez é necesario avanzar cara á consecución de políticas coherentes que non actúen de forma contraditoria no referente ao desenvolvemento⁵⁴. Queda, polo tanto, moito camiño por andar en temas de cooperación; para iso é necesario unha renovada visión dela, que abarque de maneira íntegra unha concepción diferente do visto ate agora.

⁵⁵ Unceta, K.; Martínez, M.J. e Zabala, I. (2011): “Objetivos del milenio, financiación del desarrollo, y eficacia de la ayuda 2000-2010: necesidad de un análisis integrado y de un enfoque alternativo”, *Actas XIII Reunión de Economía Mundial La Gobernanza Global: Cooperación y Conflicto en el Sistema Económico Mundial*. San Sebastián: Universidad del País Vasco. p.17.

4 Críticas aos ODM

Unha das críticas máis frecuentes contra os ODM é o seu carácter xeral. Foron creados coa intención de fomentar o desenvolvemento naquelas rexións máis pobres, consideradas de baixo ingreso e con extremas carencias; pero o certo é que dentro da pobreza coexisten limiares distintos, onde o grao de desenvolvemento é diferente segundo a rexión. Neste sentido, é posible que os obxectivos non sexan adecuados para todas as rexións en desenvolvemento, pois as necesidades cambian segundo a situación de cada unha. Isto é de especial importancia naquelas zonas ou países de ingreso medio, onde a pesar da presenza de carencias básicas, son outros os problemas que fan que a rexión se atope estancada e non poida despegar. Problemas dunha mala xestión de base estrutural, como a persistencia de desigualdades sociais ou unha falta de goberno e institucións eficientes, que colocan a ditos países nunha situación de vulnerabilidade exterior⁵⁶.

Nesta mesma liña, predomina a idea de que os ODM non teñen suficientemente en conta a persistencia das desigualdades nestas rexións. Así a crítica sentencia que a consecución dun crecemento económico que non logra poñer fin ás desigualdades sociais provocará unha acentuación da pobreza. As desigualdades provocan situacións de marxinación e discriminación, que en suma acaban por xerar pobreza, e de aí a base da anterior afirmación. Deste xeito, conseguir incrementar o PIB dunha sociedade para mostrar que está tendo un crecemento que á vez reflexa un descenso da pobreza é un erro. Quizás este non sexa o mellor indicador á hora de medir os avances na loita contra a pobreza, pois esquécese das desigualdades sociais das que vimos falando. Así, medir o nivel de pobreza mediante este indicador pode proporcionar falsas expectativas sobre o avance, xa que é posible que mostre un crecemento, pero este pode estar repartido de forma desigual, facendo que os ricos sexan os que acumulen os ingresos mentres os pobres sigan estando na mesma situación. Conséguese así que as desigualdades, xa existentes, se vexan incrementadas co paso do tempo. Entón os ODM deberían contemplar as desigualdades non só como a carencia de ingresos tal e como mostra a primeira das metas, senón como desigualdades sociais, onde colectivos se atopan desprazados e marxinados socialmente por mor delas⁵⁶.

A crítica tamén fala dun sistema top-down, é dicir, un sistema de decisións dende arriba cara abaixo, onde as rexións afectadas non se involucran no proceso e son outros os que toman as rendas. Os países ou rexións implicadas non teñen case participación nin voz á hora de plasmar as súas prioridades⁵⁴. Neste sentido, isto mostra unha conduta paradoxal, xa que as rexións con problemas son quen realmente coñecen os puntos débiles, os fallos de cada parte da súa rexión; pero, en cambio son

⁵⁶ Luque, E. (2008): Pobreza. Los objetivos del milenio: El rostro oculto del Banco Mundial, *El Viejo topo*, N.º. 243, pp. 64-69.

outros os que, alleos aos problemas, se encargan de buscar a solución dalgo que non viven directamente na súa pel.

Tamén o propio termo pobreza suscita certas críticas. Segundo estas, o termo debería ser acuñado por aqueles que a sofren e a viven día a día e non polas grandes institucións que ven de lonxe o problema. A cuestión é que o propio significado da pobreza e o que implica a aparición dun control por parte dos que non se atopan en tan difícil situación. E é debido a este control que as decisións sexan top-down e que se proporcione unha definición non totalmente correcta de pobreza, que non mostre a complexidade que si existe na realidade diaria⁵⁷.

Críticos dos ODM tamén insistiron en que non se levaron a cabo análises detalladas deles para ver se realmente a elección era a correcta e saber se eran viables ou non. Sinálase tamén neste sentido, que as metas deberían ser marcadas de maneira prioritaria, para que como no caso actual, de cara ao período final en caso de presentarse unha inviabilidade no cumprimento de todas as metas, se poida optar por fomentar aquelas de maior e máis rápida importancia⁵⁸.

Por outro lado, insítese en que unha correcta loita contra o desenvolvemento non debe sosterse tan só baixo o piar da axuda financeira. Por suposto que é algo necesario pero que á larga pode ter consecuencias negativas e provocar un estancamento do proceso. Tal e como establece Reinert estamos a esquecer a loita contra os problemas internos que xeran a pobreza, e en vez de atacar ao seu causante estamos a loitar contra os síntomas que esta nos ofrece. “A economía paliativa substituíu en boa medida á economía en desenvolvemento”⁵⁹. Para poder evitar a tempo os efectos negativos, a longo prazo é de vital importancia tratar a orixe do problema, porque obvialo acabará por xerar consecuencias de maior magnitude. En moitos casos certas características da estrutura produtiva soen ser as causantes da pobreza, polo que as solucións deben dirixirse cara estas. Neste sentido, son varios os problemas que derivarían do método da axuda financeira. Utilizar o financiamento como motor do crecemento, non é sostible en todos os casos, pois moitos países pobres son incapaces de utilizar o capital brindado polos ricos dunha maneira rendible xa que teñen carencias no ámbito industrial e dos servizos⁵⁹.

⁵⁷ Dubois, A. (2006): La dimensión normativa del desarrollo en la globalización: una visión crítica de los objetivos del milenio, *Revista de dirección y administración de empresas*, N° 13, pp. 33-52.

⁵⁸ Bhagwati, J. (2010): Hora de reflexionar: los Objetivos de Desarrollo del Milenio son difíciles de objetar, pero eso no significa que definan un programa eficaz para el desarrollo, *Finanzas y desarrollo: publicación trimestral del Fondo Monetario Internacional y del Banco Mundial*, Vol. 47, N° 3, pp. 1-3.

⁵⁹ Reinert, E. (2008): Economía paliativa: los objetivos del milenio andan desencaminados, en E. Reinert: *La globalización de la pobreza. Cómo se enriquecieron los países ricos y por qué los países pobres siguen siendo pobres*, (pp. 241-274). Barcelona: Crítica.

Tamén E. Reinert fala do “colonialismo do benestar” en referencia ao termo acuñado por Robert Paine. Reinert utilízao para referirse a situación dos países pobres ante esta axuda financeira da que vimos falando. Neste caso acúñase este termo porque afirman que poida estar dándose unha dependencia económica por parte dos países pobres, os cales podían estar en situación de colonia actual. Ante isto os ricos son os que teñen o poder, podendo acabar con esta axuda en calquera momento, causando graves consecuencias sobre os países de baixos ingresos. De esta maneira o que se pretende mostrar é que ante estas políticas paliativas conséguese “un mecanismo extremadamente poderoso dos países pobres polos ricos”⁵⁹. Moitos apuntan a que o logrado co último dos obxectivos é conseguir manter ás rexións en desenvolvemento baixo control.

En xeral, as políticas establecidas polos países ricos de cara á consecución dos ODM son moi criticadas, tachadas de neoliberais, e que ás veces vogan en sentido contrario ao desenvolvemento. Algúns exemplos son os seguintes: Por un lado, coa liberalización do comercio global, os grandes beneficiarios acabaron por ser os países ricos. É importante ter en conta o momento adecuado para que un país se abra ao exterior, xa que “facelo demasiado pronto pode dar lugar á desindustrialización, á diminución de salarios e problemas sociais cada vez maiores”⁶⁰. O que sucedeu nestes casos foi que as rexións desenvolvidas conseguiron un fácil acceso aos abundantes mercados de materias primas do Sur; en cambio, o Sur conta con grandes restricións ás exportacións das súas materias primas cara esas rexións ricas. Neste sentido, “canto máis longo e extenso foi o proceso de liberalización, máis devastadoras foron as consecuencias para os países pobres”⁶¹.

Os indicadores encargados de medir os avances de cada obxectivo tamén soen ser obxecto de crítica. Por un lado, porque se consideran selectivos e, por outro, porque non todos son medibles, e aqueles que si o permiten moitas veces non ofrecen datos fiables ou simplemente non reflexan a realidade que se está a vivir, debido a que están a suceder outras cousas que ditos indicadores non teñen en conta.

Por último, tamén en canto aos indicadores, considero que estes non recollen o significado real do problema. Intentamos solucionar a fame e a pobreza medindo os logros en termos relativos, cando en realidade as cifras absolutas mostran uns avances máis lentos ou incluso retrocesos en certas rexións, tal e como se mostrou nos anteriores apartados. Conscientes do crecemento da poboación que se vén dando,

⁶⁰ Sotelo, I. (coord.) (2006): *Objetivos de desarrollo del milenio: una responsabilidad compartida*, Madrid: Fundacion Carolina.

⁶¹ Cavero, T. (2011): Erradicar la pobreza extrema y el hambre, *Economía exterior: estudios de la revista Política Exterior sobre la internacionalización de la economía española*, Nº 55, 2010-2011, pp. 61-70.

deberíamos ter en conta a influencia que ten sobre as taxas, e inclinarnos por uns indicadores máis exactos á hora de medir os progresos.

En relación ao anterior, a meta marcada para analizar a pobreza mundial considero que tamén é algo limitada. Ao considerar pobreza extrema á xente que ten uns ingresos diarios inferiores a 1.25\$ estamos reducindo moito o abano de persoas en condicións igualmente malas, pois todos aqueles que se atopan lindando esta cifra non son tidos en conta á hora de acadar a meta. Como xa vimos no segundo apartado deste traballo, si tiveramos en conta a xente que vive con menos de 2\$ ao día as cifras aumentarían, ocupando o número de pobres unha magnitude destacada. Falta preguntarse entón, que facemos con todas as persoas que se atopan no límite do considerado pobreza extrema? Non debemos erradicar igualmente esa pobreza? Quizais retomar a medición da pobreza ou os límites que esta abarca poida ser un tema de importancia. Como resposta a isto, Dugois comenta que ditos límites existen como produto da tolerancia que cada rexión considera soportable, é dicir, tendo en conta os intereses de estas porque “a pobreza forma parte da orde social, polo que alterar eses límites atopará moitas resistencias”⁵⁷.

En definitiva as críticas son múltiples, mostrando unha serie de carencias que os ODM veñen tendo dende o seu establecemento. Tendo en conta isto, e ante a iniciativa de crear unha nova axenda post-2015, quizais fose necesario atender todas estas chamadas de atención por parte de críticos entendidos e revisar o feito ata agora, atender aos fallos e crear unha axenda que se aproxime máis ao demandado polas críticas. Encamiñarse na consecución dunhas metas viables, atendendo a carencias de todo tipo dunha forma máis profunda.

5 Futuro dos ODM

Para facer unha síntese global dos avances do primeiro obxectivo podemos utilizar a táboa de progresos⁶² que presenta a UN e así ter unha maneira máis visual do ocorrido ata o 2014.

⁶² Tal e como mostra a lenda as cores indican o progreso alcanzado na consecución da meta, e as letras indican o grao de adianto que se logrou ata a actualidade.

Figura 6: Táboa de progresos do ODM1

Objetivos y metas	África		Asia				Oceanía	América Latina y el Caribe	Cáucaso y Asia central
	Septentrional	Subsahariana	Oriental	Sudoriental	Meridional	Occidental			
OBJETIVO 1 Erradicar la pobreza extrema y el hambre									
Reducir la pobreza extrema a la mitad	poca pobreza	pobreza muy alta	pobreza moderada	pobreza moderada	pobreza muy alta	poca pobreza	pobreza muy alta	poca pobreza	poca pobreza
Empleo productivo y trabajo decente	déficit alto	déficit muy alto	déficit moderado	déficit muy alto	déficit muy alto	déficit muy alto	déficit muy alto	déficit moderado	déficit moderado
Reducir el hambre a la mitad	poca hambre	hambre extrema	hambre moderada	hambre moderada	hambre extrema	hambre moderada	hambre moderada	hambre moderada	hambre moderada

El progreso conseguido se muestra en dos niveles: el texto de cada casilla indica en palabras el grado de adelanto alcanzado hasta la actualidad, y los colores muestran el progreso logrado en la consecución de la meta, según las claves siguientes:

■ La meta ya se ha alcanzado o se alcanzará en 2015.
 ■ Progreso estancado o en deterioro.

■ El progreso es insuficiente para alcanzar la meta si continúan las tendencias actuales.
 ■ Datos no disponibles o insuficientes.

Fonte: Nacións Unidas

A pesar de que as metas fosen alcanzadas para a maioría das rexións, as situacións seguen mostrando un escenario negativo. Destaca África Subsahariana cunha situación crítica en dous sentidos, por un lado presenta uns valores moi altos tanto de pobreza, como emprego deficiente e de fame; por outro, o seu progreso é insuficiente para conseguir chegar á meta. Situación que fai que a rexión se atope nunha posición crítica, pois presenta valores malos e con tendencias a seguir manténdoos.

Asia, en conxunto, é o continente que máis avances logrou, tanto en termos evolutivos como á hora de lograr as metas. Malia iso, cabe destacar a rexión do sur de Asia, que pese a alcanzar a meta en canto a pobreza e a emprego, segue mantendo uns altos niveis no referente ao valor das tres metas, pois a pobreza e fame seguen a ser altas. Ademais é importante resaltar que a parte occidental se atopa estancada con respecto á meta da fame, aínda que esta sexa moderada.

Nese contexto, ante a non consecución de moitas das metas, plantéxase unha nova axenda para o desenvolvemento, que viría sendo unha prolongación dos ODM, con algunha adaptación. UN, xunto con outros actores interesados no desenvolvemento, veñen realizando diversas conferencias e reunións nos últimos anos para debater a senda pola que debe continuar a busca do desenvolvemento. Todo apunta á redacción duns novos obxectivos e propósitos que complementen aos xa existentes e aborden temas de importancia que non foron recollidos anteriormente.

Pensando nas iniciativas de continuación dos ODM, convocouse a un grupo de alto nivel para a captación de propostas. Dito grupo propuxo unha nova lista composta por 12 obxectivos e 54 propósitos. Nunha conferencia organizada en 2012 decidiuse crear un grupo aberto de traballo composto polos distintos gobernos da Asamblea Xeral co fin de desenvolver uns Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A proposta presentada en 2014 era máis ambiciosa: 17 obxectivos e 169 propósitos para 2030. A proposta final está previsto que se concrete no Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible que se celebrará en setembro de 2015.

As críticas contra esta nova proposta xa xurdiron; fundamentalmente por considerala utópica e de carácter xeral. A súa amplitude impide centrarse no cumprimento dalgo determinado e específico³

Conclusións e ampliación

En xeral, os progresos foron evidentes na consecución das metas deste obxectivo, pero o importante sería logralos de forma global, é dicir, en todas as rexións, e este non é o caso. Seguen persistindo fame e pobreza en niveis elevados e en zonas concretas o que fai que o camiño cara o desenvolvemento continúe a ser longo e laborioso. Os méritos alcanzados non teñen que ser motivo de eloxio, senón unha motivación para seguir adiante, fomentar un cambio e lograr un desenvolvemento conxunto, onde todas as zonas se vexan beneficiadas polo progreso e o crecemento. Os puntos clave que podemos extraer de este traballo son os seguintes:

- Logrouse reducir á metade o número de persoas que viven por debaixo de 1,25\$ ao día, cumprindo a meta A do primeiro obxectivo. Pero se os resultados se analizan en termos absolutos, a pobreza aínda non se veu reducida á metade.
- Lográronse progresos na loita contra a fame, pero esta segue a representar unha magnitude importante, polo que a meta non se viu cumprida. Ademais, cabe destacar o forte impacto que ten esta nos nenos, o cal deriva nunhas altas taxas de desnutrición infantil, que esixen unha rápida resposta.
- O traballo vulnerable segue a persistir nunha magnitude elevada no mundo desenvolvido, a pesar dos avances logrados dende 1990.
- África Subsahariana preséntase como a rexión con máis problemas no desenvolvemento, pois é a rexión que menos avances logrou, mantendo uns niveis aínda moi elevados de pobreza extrema e de fame.
- Asia, polo contrario, é a rexión que máis progresos logrou. Isto é debido, principalmente aos enormes avances levados a cabo por China e India, países que se atopan no momento do seu crecemento económico.
- A cooperación cara o desenvolvemento segue a ser insuficiente, especialmente se falamos da AOD. Ademais, a cooperación necesita dunha renovación que

aposte por un novo enfoque, pois cada vez vese sometida a un maior número de críticas que poñen en dúbida a súa eficacia.

- En xeral, os ODM están sometidos a un elevado número de críticas. Todas elas veñen a derivar nunha conclusión: o carácter xeral duns obxectivos de alcance limitado, que se esquecen dos problemas base, como son as estruturas económicas, as políticas e as desigualdades sociais, á hora de loitar contra a pobreza a favor do desenvolvemento.

A principal limitación deste traballo constituíuna a non dispoñibilidade de datos actualizados para valorar o cumprimento dalgunha meta, especialmente nalgunha rexión. Como posibles ampliacións deste traballo, propóñense as seguintes:

- Examinar os 7 restantes ODM de maneira detallada para lograr unha completa análise dos mesmos;
- Analizar os ODM para o caso de África e, en particular, na rexión Subsahariana, debido ás grandes dificultades que presenta esta rexión para cumprir os obxectivos e metas establecidas. Tamén sería de interese analizar as causas que se esconden tras as tentativas fracasadas na consecución dos obxectivos en esta rexión africana;
- Analizar outras cuestións claramente relacionadas coa consecución destes obxectivos, como o financiamento (a proporción de axuda aos países pobres, as críticas a este método de desenvolvemento, as rexións que máis axudan, como é utilizada a axuda por parte dos pobres ...).

Bibliografía

Alonso, J.A. (dir.) (2009). *Financiación del desarrollo: viejos recursos, nuevas propuestas*, Madrid: Siglo XXI de España: Fundación Carolina.

Alonso, J.A., Atienza, J. (2005). *Los objetivos de desarrollo del milenio*, Madrid: Cáritas Española.

Aramburu, M. (2012): Los Objetivos de Desarrollo del Milenio: panorámica general, *Estudios empresariales*, Nº. 138, pp. 6-31.

Banco Mundial: <http://www.bancomundial.org/>

Banco Mundial (2011): *Informe sobre seguimiento global: Poner fin a la pobreza extrema*

Bhagwati, J. (2010): Hora de reflexionar: los Objetivos de Desarrollo del Milenio son difíciles de objetar, pero eso no significa que definan un programa eficaz para el desarrollo, *Finanzas y desarrollo: publicación trimestral del Fondo Monetario Internacional y del Banco Mundial*, Vol. 47, Nº 3, pp. 1-3.

Cavero, T. (2011): Erradicar la pobreza extrema y el hambre, *Economía exterior: estudios de la revista Política Exterior sobre la internacionalización de la economía española*, Nº 55, 2010-2011, pp. 61-70.

Dubois, A. (2006): La dimensión normativa del desarrollo en la globalización: una visión crítica de los objetivos del milenio, *Revista de dirección y administración de empresas*, Nº 13, pp. 33-52.

FAO: <http://www.fao.org/home/es/>

FAO (2015): *The estate of food Insecurity in the world*

Kenny, C. (2015): ¿Hemos perdido el rumbo? De los ODM a los ODS, *Política exterior: estudios de la revista Política Exterior sobre la internacionalización de la economía española*, Nº 163, 2015, pp. 80-91.

Luque, E. (2008): Pobreza. Los objetivos del milenio: El rostro oculto del Banco Mundial, *El Viejo topo*, Nº. 243, pp. 64-69.

OIT: <http://www.ilo.org/public/spanish/>

OMS: <http://www.who.int/es/>

PNUD: <http://www.undp.org/content/undp/es/home.html>

PNUD (2014): *Informe 2014. Objetivos de desarrollo del Milenio*

Reinert, E. (2008): Economía paliativa: los objetivos del milenio andan desencaminados, en E. Reinert: *La globalización de la pobreza. Cómo se enriquecieron los países ricos y por qué los países pobres siguen siendo pobres*, (pp. 241-274). Barcelona: Crítica.

Sanahuja, J. A. (2009): ¿Más y mejor ayuda?: Los Objetivos del Milenio, la Declaración de París y las tendencias en la cooperación al desarrollo, *Eikasía: revista de filosofía*, Nº 28, pp. 125-161

Sánchez A. & Vivero, J. L. (2011). La alimentación. Avanzar hacia la soberanía alimentaria en GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; DURÁN, G.; SÁNCHEZ, Á. (Coord.). *La economía mundial en transformación* (1ª ed., pp. 140-179). Madrid: Paraninfo

Santibáñez, C. & Sánchez, A. (2011). La universalización de la pobreza, en GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; DURÁN, G.; SÁNCHEZ, Á. (Coord.). *La economía mundial en transformación*, (1ª ed., pp. 69-105). Madrid: Paraninfo

Sotelo, I. (coord.) (2006): *Objetivos de desarrollo del milenio: una responsabilidad compartida*, Madrid: Fundacion Carolina.

Tezanos, S. (2011): Más allá de 2015: objetivos de desarrollo del milenio y desafíos para la nueva agenda internacional de desarrollo, *Sistema: Revista de ciencias sociales*, Nº 220, pp. 33-58.

UN: <http://www.un.org/es/index.html>

Unceta, K. (2003): El sistema de cooperación frente a la crisis del desarrollo, *Revista de Economía Crítica*, Nº1, pp. 189-200.

Unceta, K.; Martínez, M.J. e Zabala, I. (2011): “Objetivos del milenio, financiación del desarrollo, y eficacia de la ayuda 2000-2010: necesidad de un análisis integrado y de un enfoque alternativo”, *Actas XIII Reunión de Economía Mundial La Gobernanza Global: Cooperación y Conflicto en el Sistema Económico Mundial*. San Sebastián: Universidad del País Vasco.

Unicef: <http://www.unicef.es/>

Unicef (2011): *La desnutrición infantil. Causas, consecuencias y estrategias para su prevención y tratamiento.*